

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 25 de febreiro de 2016

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o xoves 25 de febreiro de 2016, ás 13.15 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (12 de febreiro de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, da PDA do curso académico 2016/17**
- 4. Aprobación, se procede, da cesión temporal de espazo solicitado pola Facultade de Ciencias da Educación**
- 5. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (12 de febreiro de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de: María López (obrigas docentes), Julio Prada (obrigas familiares) e M. Dolores Domínguez (obrigas laborais).
- Informa que dado que houbo máis candidatos que persoas elixibles, tivéronse que facer eleccións para membros da xunta de centro do sector do alumnado de 1º e 2º ciclo. Agradece a participación nas eleccións e tamén aos membros da mesa electoral pola labor desenvolvida.
- Ven dunha reunión como avaliadora interna dos plans de seguimento, nela se fixo a petición de entregar o Informe da dirección como requisito para a avaliación do plan de seguimento, polo que a Comisión de Calidade terá que facer un esforzo e rematalo.

- Informa que a Área de calidade pide evidencias da coordinación tanto de grao como de curso, polo que se pedirán datos para cumprimentar os correspondentes formularios e se pedirán informes ás/aos coordinadores para aprobar na Xunta de Facultade.
- Como se aprobou na pasada xunta de centro, xa estamos organizando a homenaxe á profesora Mercedes Durany, consensuada co ponente José A. García de Cortázar, a data será o vindeiro 13 de maio.
- A decana cédelle a palabra a Beatriz Comendador, en calidade de coordinadora do mestrado, para que informe do estado do mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
Beatriz informa que a vicerreitora de profesorado anunciou a necesidade de cambios nas condicións do profesorado externo a raíz da LOU. O profesorado externo non poderá coordinar materias nin asinar as actas, xa que no ministerio consideran como non dadas as materias coordinadas por profesorado externo. O profesorado da Escola de restauración é bastante probable que, en consecuencia, abandone o mestrado. Despois de varias reunións a tres bandas entre a vicerritoría, o profesorado da escola e a coordinación do mestrado, parece evidente que só o profesorado interno pode figurar na coordinación e que imparta polo menos 1 hora de docencia. Se cre que os 5 docentes afectados non van a aceptar. Estase esperando á súa resposta oficial e tamén se está esperando a que a vicerritoría dea o visto bo a que non se oferte o módulo afectado. Na memoria do título está reflectido este módulo e a participación da escola, se non se chega a un acordo o mestrado se extinguiría.

3. Aprobación, se procede, da PDA do curso académico 2016/17

Por segundo ano consecutivo, se reducen outra vez as horas de docencia (2.152h.) Seguindo as recomendacións do estudantado do ano pasado, que prefería reducir grupos e conservar as materias optativas, se procede á planificación. Tamén se consulta ao profesorado a posible redución de grupos.

O profesor Jesús de Juana quere que quede constancia de que a PDA non é definitiva e que se ten que facer a consulta todos os anos.

Na bolsa de horas dos recoñecementos de actividades docentes se priorizou á calidade, xa que para o ano que vén imos estar inmersos nos procesos de certificación do título e acreditación do sistema de calidade.

Apróbanse a PDA e a bolsa de horas de recoñecementos docentes.

4. Aprobación, se procede, da cesión temporal de espazo solicitado pola Facultade de Ciencias da Educación

Se recibiu no decanato un escrito da Facultade de Ciencias da Educación no que solicita o seminario 1 do pavillón 1, onde se impartía antes o mestrado.

Apróbase ceder de forma temporal o uso do espazo, sempre que non lle faga falta á Facultade de Historia.

5. Rolda de intervencións

O PAS representado na Xunta de Facultade quere explicar o momento que está vivindo debido á proposta de RPT presentada pola xerencia.

M^a Carmen explica un pouco o proceso da RPT dos PAS e o rexeitamento que provoca. Por exemplo a nivel de secretaría de alumnado, se uniría coa Facultade de Ciencias da Educación e quedarían 2 persoas para os dous centros. Na xestión dos mestrados tamén reducen ao persoal. Vai quedar un só administrador para todo o campus e os 6 postos base quedan á súa disposición.

Montse di que agora se plantexa unha área departamental para o campus, con 6 persoas e incrementando as súas competencias, xa que tamén levarían calidade, prácticas, entre outras.

Outra das cousas que lles preocupa é que debido á reestructuración e cambio de denominación das prazas terán que concursar todos, co que tampouco se lles asegura a praza no campus de Ourense.

Cren que con esta RPT non haberá calidade no servizo.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.15 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA
25/02/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	

BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
 CALVIÑO FREIRE, DAVID
 CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
 CID NARVÁEZ, DANIEL
 COELLO FDEZ, M^a ANGELES
 COMENDADOR REY, BEATRIZ
 DÍAZ ALONSO, XOEL
 DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
 FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
 GÓMEZ MANSO, BELÉN
 JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
 LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
 MORODO DEL RÍO, JOSE
 PÉREZ LOSADA, FERMÍN
 PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO
 REAL LÓPEZ, ARTURO
 REBOREDA MORILLO, SUSANA
 SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
 SIXIREI PAREDES, CARLOS
 UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
 VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
 VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

SI	
	NO
SI	
SI	
Demitiu	
SI	
	NO
	SI
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
	NO
SI	
SI	
	SI
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	